

PLAN DE DEFENSA DO BOSQUE AUTÓCTONO

Xesús Pereiras López

Unha defensa efectiva do bosque autóctono debe levar-se a cabo dentro dunha Política Forestal a longo prazo, pero, mentres esta non se elabora, pensamos que se deberían adoptar unha serie de medidas urxentes para evitar que continúe a diminución das masas boscosas autóctonas e atallar o proceso de deterioro ao que se atopan submetidas.

Estas medidas urxentes para a defensa do bosque autóctono galego centraríanse no seguinte:

1. **Realización** dun estudo e selección daquelas masas arboradas máis importantes desde o punto de vista ecolóxico, como paso previo á súa declaración como zonas protexidas (co status que se estime oportuno para cada caso).
2. **Aceleración** do proceso de declaración como Parque Natural daqueles bosques de importancia recoñecida, que xa figuran en anteriores inventarios ou que están en rexime de Protección Xeral.
3. **Compra** progresiva daquelas áreas mellor conservadas e que se atopan máis ameazadas, dentro dun plan xeral de incremento do Patrimonio Forestal Público da Galiza.
4. **Desgravacións** fiscais e creación de incentivos económicos aos propietarios de fragas, carballeiras, soutos, etc..., comprometidos coa súa conservación e rexeneración.
5. **Estabelecer** liñas de crédito aos Concellos para que podan restaurar, ampliar ou crear espazos públicos que sustenten especies frondosas autóctonas.
6. **Estudo** da posibilidade de regular as talas.
7. **Comezar** cun plan de repovoación anual de 10.000 ha/ano con estas especies (poderá-se incrementar este apartado coa rexeneración natural cun mínimo de manexos: limpeza e selección de pes).
8. Nas áreas repovoadas con especies de creci-

mento rápido (piñeiros, eucaliptos...) deberá-se reservar un mínimo dun 5% para as frondosas autóctonas, para incrementar a diversidade destas zonas.

9. **Criación** de novos viveiros para axustar a oferta de especies autóctonas á demanda existente na actualidade e para cubrir as necesidades que surxirán de desenvolver-se o presente plan.



10. **Maiores** subvencións ás plantacións con estas especies.
11. **Inicio** dun estudo de mellora xenética e de investigación sobre cultivo e manexos das especies autóctonas.
12. **Criación** dunha Comisión de seguimento do Plan de Defensa con representación dos grupos ecoloxistas.